

**RESOLUCIÓN DO 30 DE ABRIL DE 2021 DO TRIBUNAL DESIGNADO PARA XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO E INGRESO NOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA, QUENDAS DE ACCESO LIBRE E CONCURSO CONVOCADO POLA ORDE DE 8 DE XULLO DE 2020 (DOG NÚM. 137, DO 10 DE XULLO), POLA QUE SE LLE DA PUBLICIDADE A DIVERSOS ACORDOS.**

Na sesión que tivo lugar o día 30 de abril, o tribunal nomeado pola Orde do 26 de novembro de 2020 (DOG núm. 249, do 11 de decembro), adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.** O quinto exercicio deste proceso selectivo correspondente ao recoñecemento médico realizaránse nas instalacións da Academia Galega de Seguridade, sita na Avda. Da Cultura s/n, A Estrada (Pontevedra).

Levaranse a cabo os días 5 e 6 de maio de 2021, nas datas e horas concretas que para cada aspirante se publicarán na páxina web da Agasp.

**Segundo.** Á realización desta proba quedan convocadas as persoas declaradas aptas no cuarto exercicio publicadas no anexo I da Resolución do 23 de abril de 2021 deste tribunal.

**Terceiro.** Aos efectos da exclusión da persoa aspirante, terase en conta o índice de masa corporal non inferior a 18'5 nin superior a 29'9, calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais, ou o resultado positivo no consumo de drogas tóxicas, estupefacentes ou substancias psicotrópicas.

**Cuarto.** As condicións nas que terán que comparecer as persoas aspirantes ao recoñecemento son as seguintes:

1. Para a extracción de sangue debe acudir en xaxún. Mínimo de catro horas (recomendable oito horas). Poden beber auga. Se padece Diabetes Mellitus debe comunicalo ao chegar.
2. É necesario que achegue un informe médico informando se ten algún diagnóstico establecido e/ou tratamento.
3. Se emprega lentes, é necesario levalas ao recoñecemento médico.



4. Rógaselle acudir coa cartilla de vacinacións.

5. Se ten certificación de discapacidade dalgún tipo debe achegar a documentación.

**Quinto.** As persoas aspirantes que teñen que realizar esta proba deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, a xuízo do tribunal.

A Estrada, 30 de abril de 2021

A presidenta do tribunal

María Rey Rivera

